

LITERATURA

TEMA 7

A NOVA NARRATIVA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS.

Chamamos **Nova Narrativa Galega** a un conxunto de obras, publicadas desde finais da década dos 50 ata comezos dos 70, moi novidosas temática e formalmente. O nome procede do *Nouveau Roman*, movemento renovador francés dos anos cincuenta. O mesmo que o *Nouveau Roman*, a Nova Narrativa Galega tentou renovar as técnicas e os temas asimilando conscientemente as innovacións técnicas e os temas utilizados na literatura universal da súa época (Joyce, Kafka, Faulkner, Camus, John Dos Passos...):

CARACTERÍSTICAS

Os autores deste movemento teñen algúns trazos comúns. Non se pode falar en sentido estrito dunha escola ou grupo homoxéneo, pero coinciden na súa formación universitaria, ideas galeguistas (tanto culturais como políticas), o feito de viaxar por Europa e coñecer ben a literatura europea e americana. No plano literario, todos teñen a intención de romper drasticamente coa tradición narrativa representada polos autores de Nós, pero tamén rexeitan a estética de Fole, porque se basea na literatura de raíces populares, o realismo de Blanco Amor ou Neira Vilas e a literatura de evasión de Cunqueiro.

A intención rupturista vese tanto na **temática** das súas novelas como nas **técnicas narrativas**:

♦ A temática

- Transmiten unha visión desacougante da realidade: expresan o absurdo da existencia nun mundo sen sentido (reflicten nas obras a sociedade alienante e insegura da ditadura franquista a través do desequilibrio e o illamento que caracterizan aos personaxes. (personaxes que non se adaptan ao medio).
- Contidos filosóficos e simbólicos que expresan toda a complexidade do ser humano e plasman enormes frustracións, angurias, desacougos da sociedade contemporánea.
- Os personaxes son, case sempre, seres sen biografía, sen caracterización psicolóxica, sen nome (ás veces sinalado por unha inicial); a miúdo están traumatizados e sumidos en

estados patolóxicos ou con personalidades desdobradas (delirio, loucura), vólvense agresivos e con tendencia á autodestrución. M^a Xosé Queizán di que *é un home que non sabe onde está, nun mundo que non entende, nun proceso que o sobrepasa*.

- Amósase unha realidade conflitiva: ambientes urbanos, claustrofóbicos e sórdidos. É unha sociedade violenta e angustiosa, poboada por seres alienados, torturados e desorientados (predilección polos ambientes urbanos e fuxida do ruralismo). Os espazos deixan de ser concretos, son imprecisos e a miúdo abafantes.
- Presenza reiterada da violencia, da agresividade e da tensión nas relación humanas. O sexo, o suicidio, a morte son ideas obsesivas nestas novelas.
- Outras veces estas novelas presentan mundos imaxinarios e simbólicos, absurdos e angustiosos, incorporando o mundo do subconsciente, os soños e pesadelos. Este mundo simbólico pode representar o clima social da Galiza desas décadas: trátanse aspectos políticos e sociais en clave simbólica, non realista.
- Hai unha certa preocupación polas problemáticas sociais. Algunhas novelas abordan o tema da emigración ou a vida deshumanizada das cidades.

◆ **As técnicas narrativas:**

Paralelamente á transformación temática, estas obras plasman tamén un proceso de renovación estética:

- Incorporan o obxectalismo (iniciado polo Nouveau Roman): consiste en que o narrador se limita a mostrar o que se ve a simple vista, como faría unha cámara cinematográfica, sen penetrar no interior das personaxes, que teñen a mesma importancia que os obxectos que as rodean.
- É frecuente o multiperspectivismo (varios narradores no mesmo relato para mostrar a realidade desde unha perspectiva diversa)
- Desaparece o narrador onisciente tradicional. Agora límitase a contar o que observa (narrador-observador), a ocultarse detrás dos personaxes, adoptando un ton autobiográfico que conleva o uso da primeira persoa e o monólogo interior.
- Abunda o monólogo interior (que plasma a corrente do pensamento das personaxes) (*Ulyses* de James Joyce)

- Rómpease a linealidade temporal, de xeito que non hai orde cronolóxica, hai unha alteración da sucesión dos feitos. Hai abundantes proxeccións tanto ao pasado coma ao futuro. O tempo pasa a ser subxectivo, relativo, no que todos os planos aparecen fundidos. (Experimentación con técnicas procedentes do cine, por exemplo o flash-back). (Manhattan Transfer de John Dos Passos)
- *Non existe unha fronteira clara entre o real e o soñado* (A metamorfose de Kafka)
- Práctica da intertextualidade, con abundantes referencias doutras artes como o cinema, a pintura, o cómic, etc.
- A novela xa non ten como obxectivo primordial contar unha historia interesante e amena para entreter ao lector. As novelas da NNG esixen un lector competente e activo, disposto a afrontar as moitas dificultades que lle presenta a lectura, quizais por iso obtivo pouco éxito comercial

AUTORES E OBRAS

O corpus da Nova Narrativa Galega abrangue **unhas vinte obras** publicadas entre 1954 (Nasce un arbre) e 1971 (Adiós, María). A editorial **Galaxia** puxo a **colección Illa Nova** á disposición de todos estes autores, nela foron aparecendo as súas obras.

Forman parte deste movemento autores como

Gonzalo Rodríguez Mourullo (Nasce un arbre, Memorias de Tains),

María Xosé Queizán (A orella no buraco),

Camilo Gonsar (Lonxe de nós e dentro, Cara a Times Square),

Xohana Torres (Adios María)

E os máis destacados, **Carlos Casares** e **Xosé Luís Mendez Ferrín**.

Todos/as, despois desta primeira etapa, continuaron escribindo novelas pero xa á marxe da NNG (agás Rodríguez Mourullo, que non volveu publicar).

Carlos Casares foi un dos homes máis relevantes da editorial Galaxia, editorial que dirixiu durante moitos anos. Á corrente da **Nova Narrativa Galega** pertencen o seu libro de relatos Vento ferido e a novela Cambio en tres.

Vento ferido aborda temas relacionados co sufrimento vital mediante unha técnica novidosa, narración en distintos planos temporais e obxectalismo con algúns trazos impresionistas para apuntar a psicoloxía dos personaxes. Xoguetes para un tempo prohibido foi unha novela moi rompedora, crónica da mocidade nacida na posguerra, a crise da adolescencia baixo os ríxidos códigos morais impostos na época, as inquedanzas universitarias en Santiago durante os anos sesenta, todo iso cunha narración coloquial dirixida ao mesmo protagonista, isto é, coa segunda persoa narrativa.

• **XL Méndez Ferrín** é o escritor máis importante desta época. Ten unha obra moi extensa e **só seguiu o experimentalismo da Nova Narrativa na súa primeira etapa**: o libro de relatos Percival e outras historias mestura elementos míticos e a realidade cotiá nun ambiente de misterio; O crepúsculo e as formigas, tamén é unha colección de relatos, cun ambiente de terror onde as persoas camiñan como formigas, movidas por forzas cegas que impoñen un trágico destino. A súa primeira novela, **Arrabaldo do norte**, segue a técnica obxectalista e conta, con influencias de Kafka, os movementos inseguros dun home perdido polas rúas dunha cidade allea, sen saber quen é nin que busca.

Posteriormente Méndez Ferrín continuou o seu labor literario converténdose nunha das figuras máis sólidas da nosa literatura actual. Desde xaneiro de 2010, XL Méndez Ferrín preside a Real Academia Galega.

TEXTO 1

A voz do Suso chegou a min fortemente, como unha corneta que rinchase:

-Manolito. Baixa. Baixa.

Eu obedecín. Todos os rapaces da Barbaña obedeciamos ao Suso. El era sorprendente. Tiña uns ollos escuros; ollos de animal de baixoterra, opacos, fixos. Non era posíbel deixar de cumprir os seus desexos. El non mandaba, simplemente desexaba. Estivera tirando pedriñas contra os vidros do meu cuarto. Eu abrira a fiestra e el berroume duro:

-Manolito. Baixa. Baixa.

Baixeí. Desencolgueime pola vella cepa, máis vella que o meu avó, aquela tan vella que facía garda inmóbil na porta da nosa casoupa da Barbaña.

-Hai un rapaz no río -díxome o Suso.

Eu non lle demandeí se é que o rapaz afogara. Pero volteí a testa, inquirindo, como a testa dunha víbora. Respondeume:

-Está cerca da Pasarela. Ten os ollos abertos... Éche un rapaz.

Detívose e preguntoume pregando o entrecello: -Tes medo?

Ía eu permitir que o Suso supuxera aquilo? En verdade tiña medo.

Pero o caso é que todos os rapaces da Barbaña tolearían de pracer se Suso os fora tirar do leite ás dúas da mañá para ir ver un afogado. E eu mesmo sentía un pracer xugoso e doce, como se mordera unha grande mazá que me enchera a boca.

Pero eu tiña medo e sabía que chegado o intre había ter aínda máis medo. Díxenlle:

-Non. Non teño medo. E logo?

Puxémonos a andar á beira do río.

A néboa era lixeira, coma un cristal algo suxo. Facía frío. Saíra con roupa de menos e cando me dei de conta daba dente con dente.

-Estou atarecado, Suso.

El non respondeu. Agora que recordo xa non dixo máis nada en todo o tempo que durou o noso camiñar á beira do río.

Daba eu un paso e un medo novo botábame unha poutada igual que un gato bravo, irritado.

O río da Barbaña fede: alí concéntrase toda a merda de Ourense.

Ergueuse vento e tiven máis frío. Pero, sobre de todo, molestoume o grande rumor dos canavais, axitados coma unha cabeleira erecta que berrase. Fixeime no Suso. O Suso sempre tranquilizaba coa cara morena e fina que el tiña e os xeitos seguros. E a punto estiven de berrar: o Suso ía coa cabeza baixa camiñando con pasos inseguros, todo denotando nel inseguridade. Fiquei perplexo e pareime, cos ollos moi abertos, el non fixo máis nada que isto: olloume fixamente, fixamente. Como só el sabía ollar. Eu recuperei a calma no acto.

Saquei dous pitos que lle roubara ao meu pai. O Suso dixo que non coa cachola. Eu acendín un. Parei. O Suso seguía a andar. Deime de conta de que as pegadas do Suso non erguían absolutamente ningún ruído e por segunda vez estivez a punto de berrar... Pero mordín o labio inferior e seguí, notando que un delgado sangue me escoaba polo queixo. O Suso parouse. Estaba algo lonxe de min, enriba dunha tubería de formigón armado. Pareceume alto e lonxe. E moito. Berroume como adoitaba berrar, como unha corneta:

-Manolito. Xa chegamos. Está na beira, ti busca por alí. Eu vou por alí.

As últimas palabras removéronme e puxéronme carne de galiña. Tatexei:

-Non... Non...

E el repetiu:

-Eu vou por alí.

Vin desaparecer os seus ollos opacos e poderosos. Foise.

E eu púxenme a buscar o rapaz afogado ao resplandor escasísimo que viña do barrio do Couto.

O vento rizaba a auga porca da Barbaña. E batíame o fedor na cara coma unha sucia man. Metín un pé no río e mordeume un frío agudo.

E atopei ao rapaz afogado na beira, a flor de auga.

Foise o medo inexplicablemente.

Era un rapaz -visto entre a néboa, entre a auga, á luz afastada do Couto- de proporcións parellas ás do Suso ou ás miñas. Chamei:

-Suso. Suso. Suso.

Deille a volta moi asustado, pero sen medo. Deille a volta. O rapaz afogado tiña ollos de animal de baixoterra.

Tiña os ollos do Suso.

Tiña a admirada cara do Suso.

O rapaz afogado era o Suso.

Botei un berro liso e longo como unha lombriga. A néboa espesárase. O vento quería fender os canavais. Volvín berrar e o berro foi outra vez longo e repulsivo. Caín. Erguinme. Inicieí unha carreira cega.

Ao final da miña fuxida de pequena besta horrorizada, estaba a miña casa. E metinme na cama acorado e molladísimo.

Pasou o tempo.

Pasou o que quedaba de noite, nun estado de semi-inconsciencia.

E toda a rapazallada do barrio comezou a berrar baixo da miña fiestra.

-Manolito, Manolito. O Suso afogou onte no río. O Suso afogou onte no río.

Erguinme e mirei o río. Era día grande. Non había néboa.

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN: *O crepúsculo e as formigas*

1. Expón de maneira razoada as características NNG presentes neste relato e pon exemplos extraídos do texto.

2. Investiga a XL Méndez Ferrín: o seu labor literario como narrador, poeta, ensaísta, político, e un longo etcétera. Trátase dun persoeiro moi relevante da nosa cultura, que debes coñecer a fondo. Procura que a túa investigación estea o máis actualizada posíbel.

TEXTO 2

Comezaches a debuxar a miña cara. De vez en cando, eu estiraba o pescozo para ver como ía o teu debuxo. O cabelo, revolto e espeso, caía sobre a fronte e asolagábaa como o río cheo asolaga a veiga. Cellas poboadas e tupidamente negras. Empezaba a adiviñarse a expresión dos ollos...

A sirena do barco bruou por primeira vez. A sirena do barco era como a voz fatalmente ineludible do xuíz. Ti puxéaste nerviosa, e o lapis acadou, entre os dedos, velocidades inéditas. A sirena do barco bruou por segunda vez. Ti puxéaste máis nerviosa aínda e o lapis acadou, entre os dedos, velocidades insospeitadas. O nariz nacía, xa, do mesmo entrecello. O nariz, alongado e estreito. A sirena do barco bruou por terceira vez. Ti xa non podías porte máis nerviosa: entre os dedos, parou o lapis. Aquela cara comezaba a ter unha expresión forte. Pero non era a miña cara nin a de ningún.

Con paso apurado camiñei cara ao barco, e ti seguíchesme. Xa ía subir a bordo, cando ti me puxeches entre as mans o debuxo que hoxe atopei.

GONZALO RODRIGUEZ MOURULLO: *Memorias de Tains*

1. Os relatos que compoñen *Memorias de Tains* aparecen como cartas dirixidas a distintos destinatarios. Cada unha das sete cartas presenta un mundo arrepiante, con personaxes que semellan movidos por un destino tráxico que os sumerxe na angustia. Explica o que cres que está sucedendo no fragmento anterior, de onde procede a angustia dos personaxes e como se logra transmitir ao lector esa sensación.

2. Expón de maneira razoada as características NNG presentes neste fragmento con exemplos extraídos do texto.

3. Escribe un breve relato usando a 2ª persoa narrativa.